



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Febreiro 2020 • Nº 245



AXENDA PARA FEBREIRO

■ Entroidos:

- O sábado 8 de febreiro Entroido en San Pedro de Vilanova.
- O sábado 15 de febreiro Entroido Municipal de Vedra.
- O sábado 29 de febreiro Entroido en San Xián.

■ 25º Aniversario das Xornadas Arredor da Camelia:

- Probas deportivas o 2 de febreiro.
- Visita guiada ao pazo de Santa Cruz de Ribadulla o 8 de febreiro.
- Xornadas conmemorativas o 23 de febreiro.
- Ruta "A Camelia nos pazos e casas grandes de Vedra" o 7 de marzo.

■ Etapa de sendeirismo o 15 de febreiro.

■ Campionato de xadrez, o 26 de febreiro ás 17:00 h. na biblioteca municipal de Vedra.

AXENDA PARA FEBREIRO DAS ASOCIACIÓNS

■ Ciclo de Inverno da Asociación Senunpeso.

■ Obradoiros do entroido da Ulla coa ANPA CEIP Ortigueira o 24, 25 e 26 de febreiro.



VEDRA SOSTIBLE: ENERXÍAS RENOVABLES

Garantir o acceso a unha enerxía asequible, segura, sostible e moderna para tod@s.

FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	

Se queres o Calendario Municipal para o teu espazo público (casa da cultura, local social,...) Só tes que pasar a recollelo no Departamento de Cultura do Concello ou chamarnos ao 981 814 691.

O SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA... AGORA TAMÉN NO TEU MÓBIL!!

■ O novo servizo de Novas por whatsapp do Concello de Vedra SE-GUE MEDRANDO... Contactos que coñecen de primeira man toda a información de interese de Vedra.

Para incluírte no servizo só tes que enviarnos un Whatsapp ao teléfono 663 893 398 co texto: ALTA NO SERVIZO DE NOVAS.

O reto é facer que todas as persoas

usuarias deste servizo posúan a actualidade municipal e asociativa de Vedra así como de toda a información doutras entidades (Xunta, Deputación,...) de interese xeral.

Así de sinxelo e pasarás a formar parte deste servizo a través dun grupo de difusión dende o cal recibirás a información sen posibilidade de resposta nin de que os teus datos cheguen ao resto de participantes.





Baile de Aninovo da Terceira Idade de Vedra.



Foto familia entrega de premios V Concurso Tarxetas de Nadal 2019.



Mercadiño de Nadal.



O Vixiante dos Soños da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia.



Representación de Pepa a Loba.




Vive o Camiño... en Vedra.



V Carreira Solidaria de Vedra 2020.



Vista da V Carreira Solidaria de Vedra 2020.



ASÍ FOI NO NADAL DAS ASOCIACIÓNS



Campamento de Nadal da Anpa Ceip Ortigueira.



Cantarelas de Nadal da Asoc. Cultural San Campio.



Concerto de Corais da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.



Concerto de Nadal da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Concerto de Nadal da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Festa de Fin de Ano da Asociación Cultural San Campio.



Patrimonio Natural... Inocente coa Asociación Raiceiros.

ASÍ FOI... MUNICIPAL



Escola Municipal de Xenerais e Correos.



Foto da presentación do libro cen pezas do traxe do Val do Ulla.



Excursión da terceira idade de Vedra a Viana do Bolo-Vilariño de Conso.



Cultura

CAMPIONATO DE XADREZ. MÉRCORES 26 DE FEBREIRO ÁS 17:00 H.

■ Ás 17 horas na biblioteca municipal de Vedra actividade de balde, para todas as idades e niveis!!

Pasa unha tarde diferente!

ACTIVIDADE GRATUÍTA

Inscripcións abertas ata o 21 de febreiro
no teléfono 981814691



26 DE FEBREIRO ÁS 17:00 H.
BIBLIOTECA MUNICIPAL



XXV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ A Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla en colaboración co Concello de Vedra organiza unha programación especial para conmemorar as XXV Xornadas arredor da Camelia, que enchen de contidos culturais e turísticos os meses de febreiro e marzo con actividades como mostras, ruta Btt, rutas... un gran escaparate da camelia que terá o seguinte programa:

20º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

■ Está aberto o prazo para presentarse ao concurso ata o 14 de febreiro, poderán participar os nenos e nenas de 3 a 12 anos.

As bases do concurso están colgadas na páxina web do concello www.concellodevedra.com e na páxina do facebook www.facebook.com/concellovedra

2 de febreiro

Pavillón Municipal de Deportes.

X RUTA CICLOTURÍSTICA EN BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

■ Deportistas e afeccionados/as á bicicleta de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta Btt que se celebra no marco da programación da camelia e que percorre as paraxes vedresas.

Contaremos con dous percorridos, un longo de aproximadamente 50 km e outro mais curto de 27 km. A saída será ás 9:30 h dende o velódromo de Vedra.



8 de febreiro

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla ás 10:30 h. VISITA GUIADA AO PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ Ruta de aproximadamente dúas horas que nos leva a percorrer e descubrir con novos ollos o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla da man de Carlos Rodríguez Dacal.

- **Prezo:** 3,00 €
- **Prazas limitadas.** Imprescindible inscrición previa a partir do 1 de febreiro.
- **Máis información e inscricións** no departamento de cultura ou no teléfono 981 81 46 91.

23 de febreiro

Estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla XXV XORNADA ARREDOR DA CAMELIA

■ A “Festa da Camelia” volve á contorna da Casa da estación de Santa Cruz de Ribadulla e coma en edicións anteriores contaremos coas mostras de **Traballo ornamental con camelia**, coa **Mostra de flor** e co **20º Concurso de Pintura infantil**.

Este ano 2020 as xornadas cumpren 25 anos, polo que queremos homenaxear a todas as persoas e colectivos que ao longo destes anos traballaron polas Xornadas arredor da camelia.

Ademais como novidade dentro da programación do día contaremos co “**Túnel: a camelia nos sentidos**”, unha experiencia sensitiva, formativa e de descuberta desta flor para o que contaremos coa colaboración do GDR Terras de Compostela no marco do programa de promoción e valorización de sabores e riquezas do territorio de Terras de Compostela.

Programa:

- **9:00 -12:00 h.** Preparación das exposicións.
- **12:30 h.** Inauguración da xornada.
Acto de recoñecemento ao colaboradores das XXV edicións.
- **12:30- 14:30 h.** Túnel: a camelia nos sentidos.
- **13:00 h.** Entrega de premios e agasallos de participación para as mostras de Flor e Ornamentación con Camelia.
- **13:30 h.** Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- **14:30 h.** Viño Galego.

Continúa na páxina 6

- **16:00- 19:00 h.** Túnel: a camelia nos sentidos.
- **17:30 h.** Pasacalle a cargo de "A Gaita de Sarandon".
- **18:30 h.** Entrega de premios do 20º Concurso de debuxo infantil da camelia.
- **19:00 h.** Saaabor!, espectáculo familiar-cómico que mestura música, maxia, humor...
- **20:00 h.** Clausura e peche das mostras cun **atranque infantil dos Xenerais da Ulla**.

7 de marzo

ruta: A CAMELIA NOS PAZOS E CASAS GRANDES DE VEDRA.

■ Esta ruta lévanos a percorrer diversas paraxes e xardíns inéditos de Vedra relacionados co mundo da camelia. Estaremos acompañados por un guía que nos irá desvelando os segredos desta flor que ilumina o xardín de inverno.

Entroido

ENTROIDO MUNICIPAL 15 DE FEBREIRO NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

■ A partir das 18 horas do sábado 15 de febreiro... Festa rachada no Entroido Municipal!!

Haberá concurso de disfraces (con premios) , baile, música, animación ... E moita festa!!

E o broche de ouro poñerano os atranques da Escola Municipal de Xenerais e Correos da Ulla!!

Viva o Entroido da Ulla... Viva!!

Entroido Municipal



SABADO 15 DE FEBREIRO DE 2020
A partir das 18:00 h.
Centro Social de Vedra

Visitaremos o Viveiro Sufruticosa en San Miguel de Sarandon, os xardíns do Pazo Cibrán e os da Adega Casa do Sol en San Xián de Sales.

- **Prezo:** 5,00 euros
- **Prazas limitas.** Imprescindible inscrición previa a partir do 1 de febreiro.
- **Máis información e inscricións** no departamento de cultura ou no teléfono 981 81 46 91.



XXV XORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA

ENTROIDOS DE VILANOVA E SAN XIÁN

■ ENTROIDO DE VILANOVA 8 DE FEBREIRO

Percorrido por toda a parroquia de correos, xenerais e toda a súa comitiva!!

Ás 19:00 h. atranques no Campo da festa de Picón.



DO 1 DE FEBREIRO AO 5 DE MARZO 2020

XENERAIS DA Ulla

Festa Declarada de Interese Turístico de Galicia

VEDRA 8 feb. VILANOVA 29 feb. SAN XIÁN

Novidade!! Este ano contarán con 2 cabalos "Pura Sangue" Pepito e Manolita!

[ENTROIDO rural tradicional] [CARNISOL rural tradicional] [Tradicional rural CARNIVAL]
www.entroidodavilla.es

■ ENTROIDO DE SAN XIÁN 29 DE FEBREIRO

Percorrido por toda a parroquia que rematará no campo da festa cos tradicionais "Atranques".

Aviso da organización: todo vehículo a motor debe presentar o seu correspondiente seguro para poder participar do entroido.

VEDRA MEDRA

"Aí vén febreiro cos seus vinte e oito, se tivera catro máis non deixaba can nin ghato"

■ Coma cada ano chega o Entroido e nós, desde **Vedra medra** seguimos a manter o compromiso con esta tradición local. Esta vez facémolo da man da *Escola de xenerais e correos* que o concello promove.

O CPI de Vedra xa acolleu o día 21 de xaneiro os 21 alumnos/as participantes e procedeu ao reparto de parellas e funcións. Recordemos que son varios os encontros nos que eles terán a oportunidade de mostrar as súas habilidades: no Entroido municipal, no do CPI de Vedra e na Xornada da Camelia.

Á parte, en **Vedra medra** continuamos co achegamento á *xente de oficio*; a veciñas e veciños que exerceron profesións como a de campaneiro, carpinteiro, fogueteiro, zapateiro, costureira etcétera.

A rapazada de 1º e 2º da ESO está ultimando as entrevistas aos informantes.

Estamos agardando a visita ao centro educativo de varios carpinteiros que lles mostrarán aos rapaces as ferramentas coas que traballaban e as sabenzas asociadas á súa profesión, incluída a terminoloxía específica.



O obradoiro complementarase cunha actuación destinada a recoñecer a figura da muller traballadora do rural vedrés. As entrevistas das que serán protagonistas converteranse en audiovisuais e o seu rostro en exposicións fotográficas que logo presentaremos ao público.

Para levar a cabo esta tarefa contamos coa colaboración da Asociación Berenguela e do concello de Vedra.

Vedra medra segue recuperando para as aulas un PATRIMONIO VIVO, o seu, o noso. Para estar ao día do que imos facendo, pode visitar o **Facebook Vedra medra**.

Deportes

ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 15 DE FEBREIRO

■ O grupo de sendeirismo continúa co seu Camiño Miñoto-Ribeiro. Etapa do mes de FEBREIRO: Soutelo de Montes a Codeseda.

ATENCIÓN CAMBIO DE HORARIOS nos lugares habituais de recollida:

- 7:30 horas. Saída da Estación de Autobuses de Santiago.
- 7:35 horas. Parada en Hipercor.
- 7:45 horas. Parada no Breixo.
- 7:50 horas. Parada en Lestedo.
- 8:00 horas. Parada en Mosqueiro.

Información e inscricións abertas ata o 14 de febreiro no teléfono 981 814 691.





ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

- **Escola de Saúde: "Factores de risco e prevención de caídas e de fracturas nas persoas maiores"**

Xoves 6 de febreiro ás 20:00 h. no centro social.

Impartido por Antonio García Quintáns. Médico do centro de saúde de Vedra.

- **Baile de Entroido**

Sábado 15 de febreiro ás 18:00 h. no centro social.

- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**

Mércores 26 de febreiro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 11 de febreiro de xeito presencial na cafetería do centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asen-



Campionato de brisca no Centro Social

to adxudicaranse por orde de inscrición).

- **Bingo**

Xoves 27 de febreiro ás 20:00 h.

- **Liga de Tute**

Información e inscricións na cafetería do centro social

- **Excursión a Bragança (Portugal) e Puebla de Sanabria. 11 e 12 de marzo. (2 días, 1 noite)**

Itinerario: visita a Bragança;

castelo, cidadela...Puebla de Sanabria: pobo e lago.

Prezo: 105 € (Inclúe: transporte, pensión completa en habitación dobre, visitas e seguro de viaxe) - prazas limitadas - aberta a todos os/as interesados/as. (O prazo de inscrición ábrese o 10 de febreiro de xeito presencial na cafetería do centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición).

PROGRAMA DE TERMALISMO IMSERSO 2020

- **Prazos para a presentación das solicitudes:**

Quendas meses setembro a decembro: **Ata o 15 de maio de 2020.** Inclusión na listaxe de espera: Ata o 30 de outubro de 2020.

Requisitos:

1. Poderán participar no Programa de termalismo do Imerso, as persoas residentes en España, que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a. Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do sistema de Seguridade Social español.
- b. Ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do sistema de Seguridade Social español.
- c. Ser pensionista por outros conceptos ou percceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do sistema de Seguridade Social español.
- d. Ser persoa asegurada ou beneficiaria do sistema

de Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.

2. As persoas usuarias de praza deben reunir os seguintes requisitos:

- a. Poder valerse por si mesmo para realizar as actividades básicas da vida diaria (ABVD).
- b. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
- c. Alcanzar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lles permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

3. Igualmente, poderán participar nos programas as persoas de nacionalidade española, que residan no estranxeiro, sempre que perciban unha pensión do sistema de Seguridade Social español e contén coa idade esixida no punto 1, ou sexan persoas aseguradas ou beneficiarias do sistema de Seguridade Social

Continúa na páxina 9



español, con idade igual o superior a sesenta e cinco anos, de acordo co previsto no punto 1.d) e, en todos os supostos, reúnan o resto dos requisitos esixidos ás persoas usuarias no punto 2.

4. Tamén poderán ser persoas adxudicatarias das prazas, como acompañante, o cónxuxe ou, no seu caso, a parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal, sen necesidade de que estes reúnan algún dos requisitos esixidos no punto 1 e en todo caso, cumprindo os requisitos previstos no punto 2.a) e b). Así mesmo, poderán ser persoas adxudicatarias de praza, os descendentes con discapacidade, en grado igual ou superior ao 45%, sempre que a quenda a desfruten cos seus pais e se aloxen na mesma habitación.

5. Os requisitos establecidos no punto 2 acreditaranse ao Imsero na propia solicitude mediante declaración responsable da persoa solicitante.



6. En todo caso, a concesión de prazas está condicionada á dispoñibilidade das mesmas, por parte do Imsero, nos establecementos termais.

ATENCIÓN... Podes consultar o listado de balnearios incluídos neste programa no departamento servizos sociais de Vedra ou na nosa páxina web.

TELÉFONO SERVICIOS SOCIAIS DE VEDRA 981 814 693

LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para meternos de cheo no Entroido e gozar. Así mesmo, comezaremos un novo proxecto: SENTINELAS DO PLANETA, cos seguintes obxectivos:

CONCIENCIA. Sensibilizar respecto dos problemas da nosa contorna nas cuestións ambientais.

COÑECEMENTO. Fomentar o coñecemento do medio, os seus elementos e interrelacións que nel se producen.

COMPORTAMENTO. Adquirir os valores que motiven a interesarse e preocuparse polo medio ambiente e fomentar comportamentos a prol do medio ambiente.



APTITUDES. Capacitar para poder intervir na procura de solucións aos problemas ambientais detectados.

PARTICIPACIÓN. Ofrecer a posibilidade de participar nas solucións propostas.

Reducir o consumo dos recursos naturais. Unha oportunidade para transformar a sociedade.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogo de rol no Entroido
- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos: "o profesor chifrado"
- "Mr. Manitas": , globoflexia
- Obradoiro musical: móvete e baila
- Pintacaras
- Superchef

Os días de Entroido non lectivos a Ludoteca abrirá de 8:30 h. a 14:30 h.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA
DE GALICIA

MULLERES ASASINADAS ANO 2020

3



NOVO TALLER “SACA PARTIDO AO TEU MÓBIL: SAÚDE, LECER E APRENDIZAXE”

■ Esta iniciativa ten como obxectivo que as participantes poidan identificar e saber usar os distintos elementos dun smartphone Android. O departamento de igualdade do concello quere pór en marcha unha nova acción formativa. Nesta ocasión, trátase do curso “Saca partido ao teu móbil: Saúde, lecer e aprendizaxe”, que dará comezo en febreiro, de 18.00 a 20.00, no CEMIT luns e mércores. Mediante este curso, as participantes poderán identificar e saber usar os distintos elementos dun smartphone Android, sacar partido a todos os elementos e aplicacións integradas de serie nun smartphone e satisfacer necesidades reais da vida cotiá.

Ademais, mediante estas clases, as participantes aprenderán a utilizar de maneira óptima os seus dispositivos móbiles ou tablets, fomentando o seu rendemento, coñecemento e utilidades prácticas no día a día, localizando recursos, aplicacións, coñecementos dos distintos periféricos existentes no mercado e a ser capaces de realizar o mantemento do seu dispositivo móbil, todo iso nunha contorna segura.

Son moitas as mulleres que descoñecen as diferentes utilidades que se lles poden dar aos móbiles de hoxe en día. Por iso, este tipo de iniciativas son necesarias para que as participantes teñan as ferramentas adecuadas para estar ao día, polo menos, neste tipo de tecnoloxía. Estas accións formativas están para iso, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que

lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral.

Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este taller formativo de 20 horas de duración: “Saca partido ao teu móbil: Saúde, lecer, aprendizaxe, etcétera”. para identificar e saber usar os distintos elementos dun smartphone Android, sacar partido a todos os elementos e aplicacións integradas de serie nun smartphone e satisfacer necesidades reais da vida cotiá.

Mediante este curso, as participantes aprenderán a converter o seu teléfono móbil ou tablet no centro de lecer, a localizar recursos gratuítos educativos para aprender e xogar en familia, fomentando o rendemento académico dos menores co uso dos dispositivos móbiles, a coñecer os distintos periféricos existentes no mercado para control da saúde, a ser capaz de realizar o mantemento do seu dispositivo móbil.

O curso desenvolverase os luns e mércores, do 10 de febreiro ao 11 de marzo, en horario de tarde de 18.00 a 20.00 horas, no CEMIT de Vedra (ao lado da Biblioteca).

O prazo de inscrición estará aberto até o 7 de febreiro. A inscrición, estará colgada na páxina web do concello, deberá remitirse por sede electrónica, ou ben entregarse persoalmente no departamento de servizos sociais do concello. Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com teléfono 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.

Iniciativas Asociativas

OCEAN LAVA GALICIA 2athlon. CAMPIONATO GALEGO DE DUATLÓN. CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS

■ Abertas dende o 12 de xaneiro as inscricións para esta proba deportiva que se celebrará o vindeiro 14 de marzo!! Toda a información e inscricións na páxina: <https://www.oceanlava.com/ocean-lava-duathlon-galicia>.



FEIRA DA PONTE ULLA COMISIÓN DE FESTEXOS

CUARTO DOMINGO DE CADA MES

FEIRA DA PONTE ULLA

COMPRA, PASEA...
E TÓMALLE UNHA RACIÓN DE PULPO!

DISFRUTA DA ÚNICA FEIRA TRADICIONAL NO CONCELLO DE VEDRA



TEATROFILIA 2020 DA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

Do 13 de marzo ao 4 de abril

Achégase unha nova edición da Mostra de Teatro Amador da Asociación Cultural Papaventos... Unha proba disto é que xa podemos presentar o cartel gañador para anunciar Teatrofilia 2020.



A gañadora do premio de 250 € deste XV Concurso é Sara Incera Martín (Santiago de Compostela).

Mentres que os premios nas categorías accésit infantís son para: Blanca Albela Vaamonde, Clara Fariña Silvano, Lois Barrios Rodríguez e Carlota García Ferrero. Alumnos e alumnas da Escola de San Miguel de Sarandón (CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas").



Ademais, todas as persoas participantes no concurso serán obsequiadas cun bono para a vindeira edición de Teatrofilia que se vai celebrar entre o 13 de marzo e o 4 de abril de 2020.

CICLO DOCUMENTAL GALEGO DE INVERNO DA ASOCIACIÓN SENUNPESO

Remata o ciclo de cinema documental galego proposto pola Asociación Senunpeso, coas seguintes 2 proxeccións:

Sábado 1 de febreiro ás 20:00 h.

Hamada (2018, 89 min)

Eloy Domínguez Serén retrata con vitalidade e humor un grupo de mozos que vive nun campamento de refuxiados no medio do deserto do Sáhara. Xuntos usan o poder da creatividade e a diversión para denunciaren a realidade que os rodea e se expandiren máis alá dos límites do campamento, aínda que non crucen eses muros e aramados que os reteñen e fan invisibles.

Sábado 8 de febreiro ás 20:00 h.

En deuda con todas (2019, 60 min)

Este documental dirixido por María Lobo e Roi Guiltán para a Agareso (Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social) pretende chamar a atención sobre a vulneración de dereitos humanos que sofren as mulleres de El Salvador e contribuír á loita por unha lexislación que garanta o acceso a unha saúde sexual e reprodutiva libre de prexuízos ideolóxicos, especialmente para as nenas e as adolescentes máis vulnerables. As protagonistas, desde ambos os lados dos muros do cárcere, lémbrenlle ao mundo que despenalizar o aborto cando a saúde da nai corre perigo tamén é loitar pola vida.

Presentación e coloquio a cargo da Agareso.

OBRADOIROS DO ENTROIDO DA ULLA COA ANPA CEIP ORTIGUEIRA

A Anpa Ceip Ortigueira pensa de novo na conciliación familiar nas datas non lectivas. Esta vez propón actividades para a infancia de entre os 3 e os 12 anos relacionadas co entroido.

- **Datas:** 24, 25 e 26 de febreiro.
- **Horario e lugar:** de 10:00 a 14:00 h. no CEIP Ortigueira (servizo madrugador opcional).
- **Prezos:** 3 € persoa/ xornada para socios e socias. 5 € persoa/ xornada para socias e socios.

Grupo mínimo de 10 participantes e máximo de 30, con preferencia para o alumnado do Ceip Ortigueira. Inscripcións no teléfono 661 351 053 ata o 20 de febreiro.



■ 8 e 9 de febreiro: Festas do San Blas en San Mamede.

SAN BLAS 2020

SAN MAMEDE DE RIBADULLA
SÁBADO 8 DE FEBREIRO

FESTA NA HONRA DE SAN GREGORIO

- ✦ MISA ÁS 12:45
- ✦ SESIÓN VERMÚ CO DÚO SINTONÍA
- ✦ POLA NOITE A FESTA ESTARÁ AMENIZADA POR

O DÚO SINTONÍA e
A REQUINTA DA LAXEIRA

DOMINGO 9 DE FEBREIRO

FESTA NA HONRA DE SAN BLAS

- ✦ Misas rezadas ao longo da mañá
- ✦ Misa solemne ás 12:45
- ✦ Ás 12:00 CONCERTO ofrecido polas Bandas

BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA e

UNIÓ MUSICAL DE PONTE LEDESMA

O CAMPO DA FESTA ESTARÁ CUBERTO

■ 8 de febreiro: Xantar parroquial en Vedra.

COMIDA PARROQUIAL

Vedra, 8 de Marzo de 2020

MENÚ

Sopa de Cocido
Cocido Galego
Filloas
Oreillas
Café

ADULTOS: 20,00 €

NENOS "Menores de 10 anos": 10,00 €



■ 22 de febreiro: Festa da cacheira en Vilanova.

SÁBADO 22 DE FEBREIRO

FESTA DA CACHEIRA VILANOVA

INSCRIPCIÓNS ABERTAS ATA O 20 DE
FEBREIRO NOS TELÉFONOS 649952593
696936256

PREZO: 20 € POR PERSOA!

NON FALTES!!!

■ Domingo 2 de febreiro: Festa das Candeas en Santa Cruz de Ribadulla.



Motivos para unha Vedra Sostible

FEBREIRO... RECICLAXE NO FOGAR

■ Dende o Concello de Vedra propoñemos e pedimos que cada fogar recicle correctamente para axudar a contrarrestar a contaminación do aire:

9 de cada 10 persoas respiran aire contaminado no mundo. Entre todas as medidas que se poden combater a contaminación, hai un medio sinxelo ao alcance de todas as familias: a reciclaxe de envases. Reciclando reducimos as emisións de gases á atmosfera. Sabías que por cada 6 latas ou botellas de plástico que reciclamos contrarrestamos a contaminación de 10 minutos dun tubo de escape?

¿Depositamos cada cousa no colector axeitado?



Do material biodegradable podemos facer compost no noso composteiro.



Para este mes, dende o Concello de Vedra queremos que cada familia revise se recicle correctamente, e nos faga chegar unhas fotografías que proben como o fan.



Entre todas as fotografías recibidas, sortearemos un colector de reciclaxe para a súa vivenda e publicaremos as fotografía/as agradecidas.

Participa e escríbenos a cultura@concellodevedra.com

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com con co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.